

CIRCULAR 116 – 2023

XVI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MARCHA EN PISTA (INVERNO)

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia de marcha en pista de inverno, a celebrar o 26 de novembro no Estadio Municipal da Alta (A Pobra do Caramiñal)

Art.2) Poderán intervir atletas con licenza en vigor pola FGA.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> con límite ata o luns 20 de novembro ás 20:00 horas. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións.

Art.4) Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.5) Os/as atletas deberán utilizar os dorsais outorgados pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6) Distancias e horario provisional

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	HORA DA PROBA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO
10:10	10:20	10:30	1.000m	Sub 10	H
10:22	10:32	10:42	1.000m	Sub 10	M
10:35	10:45	10:55	2.000m	Sub 12	H
10:53	11:03	11:13	2.000m	Sub 12	M
11:11	11:21	11:31	2.000m	Sub 14	H
11:29	11:39	11:49	2.000m	Sub 14	M
11:47	11:57	12:07	3.000m	Sub 16	M
12:15	12:25	12:35	5.000m	Abs (Sub 16 e superiores)	H
12:50	13:00	13:10	5.000m	Abs (Sub 18 e superiores)	M



Art.7) Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as das categorías Sub 10, Sub 12, Sub 14, Sub 16, Sub 18, Sub 20, Sub 23, Absoluta e as diferentes categorías Máster recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de entrega de premios.

Art.8) A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

Art.9) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 28 de setembro de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo